

**ACORDO do 22 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Fonsanta, situado nos concellos de Bande, Rairiz de Veiga e Verea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2018/017). DOG Núm. 96, de 19 de maio de 2022. **Prazo para alegacións: 01/07/2022****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220519/AnuncioG0596-250422-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220519/AnuncioG0596-250422-0002_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	EMPRESA PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Fonsanta	Greenalia Wind Power, S.L.U.; CIF: B70501473	Bande, Rairiz de Veiga e Verea (Ourense).	<p>Características técnicas recollidas no proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– 12 aeroxeradores modelo VESTAS V150 de 4,2 MW, o aeroxerador AE12 limitado a 3,8 MW, cunha altura de buxa de 112 m, diámetro de rotor de 150 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia nacelle dos aeroxeradores, con potencia unitaria de 4.700 kVA e relación de transformación de <math>30\pm 2,5\pm 5\%</math> / 0,72 kV.</li> <li>– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión en serie entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación receptora do parque eólico, composta por catro circuitos con condutores tipo Al RHZ1-OL 18/30 kV de sección variable segundo o tramo, o circuito 1 para a interconexión dos aeroxeradores AE01, AE02, AE03 e AE04 coa SET; circuito 2 para os AE12, AE11 e AE05 coa SET; circuito 3 para os AE10, AE09 e AE08 coa SET, e o circuito 4 para os AE06 e AE07 coa SET.</li> <li>– Subestación SET Fonsanta 30/220kV, composta por: <ul style="list-style-type: none"> <li>• En 30 kV celas de interior en configuración de simple barra con catro posicións de liña para a conexión dos aeroxeradores; unha posición de transformador, con transformador de SS.AA de 50 kVA r/t: 30/0,4 kV; unha posición de medida e unha de protección xeral. Todo co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección.</li> <li>• Parque a nivel de 132 kV, en intemperie en configuración de simple barra, cunha posición de liña cos equipamentos necesarios de protección e medida, para a conexión da subestación colectora Lamas de Feás.</li> <li>• Parque a nivel de 220 kV en intemperie en configuración de simple barra, cunha posición de liña 220 kV saída a SET Frieira (RRE); dúas posicións de protección de transformador, cos equipamentos necesarios de protección e medida; e dous transformadores de potencia de 45/55 MVA-ONAF, regulación en carga JANSEN<math>\pm 10\%</math>, e relación de transformación 132/220 kV e 30/220 kV para a conexión dos parques eólicos Lamas de Feás e Fonsanta, respectivamente.</li> </ul> </li> </ul>

O obxecto da información pública será a autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental das instalacións do parque eólico. A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade da urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado o 29.9.2020).
2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA-setembro 2020), que figura no anexo a este acordo.
3. O estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado o 31.1.2022).
4. O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (visado o 29.9.2020).